

MOCIÓN SOBRE O REGULAMENTO DE CIRCULACIÓN.

PLENO 03 DE MAIO 2017. ACTA 05/2017

ANTECEDENTES:

Moción do grupo AER do día 24/03/2017 con número 4.174 que se transcribe a continuación:

“Considerando a categoría do Concello de Redondela e as súas características diferenciais, entendemos que é obriga da Corporación Municipal elaborar una ordenanza de circulación propia que concrete as determinacións xerais establecidas polas normas estatais.

Vemos como concellos de igual ou menor entidade que Redondela teñen feito esta adaptación. Xa non dicimos casos coma Vigo ou Pontevedra, senón outros como Moaña, Marín ou o mesmo Porriño.

Esta ausencia de ordenanza provoca unha clara discriminación dado que unha mesma infracción en Vigo se pague de multa menos da metade que en Redondela.

Entendemos que esta carencia será recibida polos demais grupos da corporación como asunto de interese xeral.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

- 1.- O Pleno do Concello de Redondela acorda a creación dunha comisión específica adicada á redacción dunha ordenanza de circulación específica para Redondela.
- 2.- Dita comisión contará coa representación dos diferentes grupos da corporación, un mínimo de dous membros da Policía Municipal e o asesoramento dos servizos de Intervención e Secretaría.”

VOTACIÓN E ACORDO.-

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 12 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 9 abstencións do PP.